

NOTA DE PRENSA

O IDIS PRESENTA O PRIMEIRO ENSAIO DUN FÁRMACO ORAL PARA O TRATAMENTO DE PACIENTES COVID CON SÍNTOMAS LEVES

- SIGMA4COVID é o nome do ensaio que se leva a cabo en diversos centros de Atención Primaria de Galicia e Cataluña, promovido polo Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, IDIS e o Hospital del Mar de Barcelona, entre outros

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022. O fármaco E-52862, desenvolvido inicialmente para tratar a dor neuropática, aquel que interpreta estímulos sensoriais normais como dolorosos, é o composto que se usa no ensaio clínico en fase II SIGMA4 COVID, e que se proba xa en pacientes infectados de SARS-CoV-2 con síntomas leves en centros de atención primaria de Galicia e Cataluña.

O estudo consiste en crear dous grupos de pacientes, aqueles a quen se lle administra o tratamento estándar para a COVID-19 máis unha dose do fármaco E-52862 durante 14 días, e o grupo de control, ou aqueles que reciben o tratamento protocolizado e un placebo. Nin os médicos de atención primaria nin os pacientes coñecen o grupo ao que pertencen. Ao longo das 2 semanas de ensaio tómanse mostras seriadas para determinar a carga viral de SARS-CoV-2 e os resultados compáranse entre participantes de ambos os grupos para comprobar se o fármaco diminúe de forma significativa a carga viral, o que podería previr a deterioración clínica e as complicacións da infección en pacientes.

O antiviral E-52862 é un medicamento aínda en investigación, polo que non se iniciou a súa comercialización. O seu mecanismo de acción baséase na inhibición selectiva do receptor Sigma 1, que interacciona coa proteína Nsp6 e interfere na replicación viral na célula hóspede, o que faría frear a multiplicación non só de coronavirus, senón doutros virus de ARN.

A presentación deste ensaio clínico celebrouse no Anfiteatro do IDIS, no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, en presenza do Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

NOTA DE PRENSA

da Xunta de Galicia, Francisco Conde López; o Conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña; a Xerente da área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza; e a Directora Científica do IDIS, M^a Luz Couce Pico. Ademais dos investigadores a cargo do estudo en Galicia, interviñeron tamén os investigadores principais do ensaio clínico en Cataluña, Jordi Montfort, Rafael Maldonado e Santiago Grau e estiveron presentes a Directora da Axencia Galega de Innovación, GAIN; Patricia Argerey Villar, e o Director do CIMUS, Carlos Diéguez González.

O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, sinalou na presentación do ensaio clínico do primeiro antiviral español contra a covid-19 que a ciencia e a innovación está xogando un papel clave para superar o actual contexto, e que son tamén fundamentais para construír a Galicia da mañá, intelixente e sostible

Máis información sobre o IDIS

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) nace en 2008 como froito da colaboración entre o SERGAS e a Universidade de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é identificar e desenvolver novas solucións que dean resposta aos problemas de saúde da sociedade. Cun equipo de máis de 1000 investigadores, 94 grupos de investigación, 29 M€ de fondos e 65 proxectos de investigación captados, o IDIS contribúe co seu labor para incrementar o coñecemento da saúde e á consolidación da innovación no sector sanitario.

Saúdos,